

CONCELLO DE VIGO



MEMORIA ANUAL DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO 2024



Índice

Introdución.....3

Antecedentes.....4

1. PUBLICIDADE ACTIVA.....5

 1.1 Actualización de contidos publicados.....6

 1.2 Resolucíons xudiciais.....8

 1.3 Análise de resultados.....9

2. PUBLICIDADE PASIVA.....16

 2.1 Solicitudes de acceso á información pública 2024.....16

 2.2 Datos estatísticos.....18

3. BO GOBERNO E INTEGRIDADE.....21

 3.1. O PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN PÚBLICA.....22

 3.2. CREACIÓN DA UNIDADE DE APOIO AO ÓRGANO RESPONSABLE DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN (ORSII).....23

4. CONCLUSIÓN.....23



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 2 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Introdución

A Lei 2/2016, en concreto, recolle no artigo 66 –Título VI Goberno Aberto. Transparencia, datos abertos e participación cidadá– a obrigaón de publicar no primeiro trimestre do ano natural o informe sobre o “seguimento do grao de cumprimento da transparencia e do acceso á información pública”.

Este documento ten por obxecto analizar e expoñer, como mínimo, o grao de cumprimento das obrigaóns de publicidade activa por parte do Concello, os contidos máis consultados do portal de transparencia, así como toda aquela información sobre o exercicio do dereito de acceso á información pública durante a anualidade 2023.

Trala aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, o concello de Vigo intensificou a implantación e desenvolvemento das políticas públicas en materia de transparencia e integridade. O reforzo realizado nestes aspectos proporcionou excelentes resultados á administración municipal, resultados que quedaron patentes nas sucesivas avaliacións efectuadas por *Transparencia Internacional España* e no *Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA)*.

No seu compromiso coa execución das políticas públicas no ámbito da transparencia e o bo goberno, o Concello de Vigo deu un paso decidido coa súa integración como Socio Titular, mediante acordo plenario de data 30 de marzo de 2015, na “Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana” da Federación Española de Municipios y Provincias, de acordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumprir os seus fins estatutarios e co acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2015 de adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP.

No marco do desenvolvemento dos estándares de conduta e de mellora continua, foron poñéndose en práctica distintas iniciativas para acadar una maior transparencia na xestión e na rendición de contas, establecendo unha intensidade superior en relación coas esixencias derivadas dos indicadores legalmente establecidos.

Nesta memoria compílanse e avalíanse os traballos na materia, en torno aos seguintes eixos:

- No primeiro punto “**1. Publicidade Activa**” expóñense as principais tarefas en canto a difusión da información municipal. O dito labor realízase a través da canle principal coa que se conta para este propósito, a plataforma electrónica de datos formada polo Portal de Transparencia co apoio do Portal Web e Sede Electrónica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 3 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

• No segundo punto **"2. Acceso á Información Pública"** contéplanse todas as novidades que presenta o novo espazo dixital creado para a difusión e coñecemento deste dereito, así como a experiencia no exercicio do dito dereito pola cidadanía. Ademais dos contidos agregados, achéganse as estatísticas recollidas en base ás solicitudes de acceso á información pública recibidas ao longo do 2023 e as resolucións que as contestan para poder apreciar o nivel de reacción deste Concello ante as peticións específicas da veciñanza.

• O terceiro punto **"3.- Bo Goberno e Integridade"** versa sobre aquelas accións executadas atendendo aos principios de ética na gobernanza pública e amparo de medidas concretas encamiñadas á consecución dos principios transformadores da administración que recolle a LTBG. O contido artéllase en torno ás boas prácticas municipais que foron recoñecidas como tal pola "Red de Entidades Locais por la Transparencia y la Participación Ciudadana" da FEMP, boas prácticas que no seu conxunto se recollen no catálogo exposto. Pecha este apartado coa información relativa ao Plan de Integridade na Contratación Pública (PIC Vigo) e que constitúe unha iniciativa pioneira para alcanzar os máis elevados estándares de integridade na xestión da contratación municipal, así como de eficacia e eficiencia mediante a súa racionalización.

Conclúe a memoria cunha análise en datos da relevancia das informacións publicadas no Portal de Transparencia.

Antecedentes

Adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP

Dando continuidade ao seu compromiso coa administración electrónica, participada e aberta, e en correspondencia ao liderado de coordinación dos traballos de revisión do Código en 2015, o Concello de Vigo adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP mediante acordo plenario de data de 30.11.2015, incorporando esta expresión ao ordenamento xurídico municipal e buscando a satisfacción das demandas éticas e democráticas derivadas do alto nivel de esixencia aplicable aos responsables políticos, en canto depositarios dun mandato representativo cidadán, na súa utilidade e eficacia como instrumento de reforzo da ética na xestión municipal.

Esta difusión lévase a cabo a través do Portal de Transparencia, onde o Código de bo goberno conta cun apartado propio para fomentar o seu coñecemento e facilitar que a cidadanía poida ser consciente da responsabilidade asumida polo seu concello e á vez fiscalice os compromisos concretos e o seu cumprimento.

As actuacións executadas en materia de transparencia atópanse recollidas nas memorias aprobadas ata o momento:

[Memoria Bianual de Transparencia e Bo Goberno 2017-2018](#), aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 31.01.2019.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 4 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

[Memoria Anual de Transparencia e Bo Goberno 2019](#), aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 30.01.2020.

[Memoria Anual de Transparencia e Bo Goberno 2020](#), aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 04.02.2021.

[Memoria Bianual de Transparencia e Bo Goberno 2021-2022](#), aprobada por Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do 19.02.2023.

[Memoria Bianual de Transparencia e Bo Goberno 2023](#), aprobada por Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do 21.12.2024.

1.- PUBLICIDADE ACTIVA

Seguindo co mandato legal, e cumprindo co prazo de dous anos que prevía a Lei 19/2013 para que as Administracións Locais adáptanse ao seu contido, en decembro de 2015 xa estaba en funcionamento o Portal de Transparencia do Concello de Vigo recollendo a publicidade activa de todos os indicadores establecidos nos artigos 6 a 8 da Lei de Transparencia, así como unha gran cantidade de información a disposición do conxunto da cidadanía, desde a consideración de que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os principios fundamentais de toda acción política, reforzando así a confianza da cidadanía mediante o acceso á información relativa á actividade da Administración; información que será máis valiosa canto máis actualizada se presente.

En concreto, os artigos 6 a 8 da Lei de Transparencia establecen como materias que deben ser obxecto de publicación activa:

- Información institucional, organizativa e de planificación.
- Información de relevancia xurídica.
- Rexistro de actividades económicas.
- Información económica, orzamentaria e estatística.

A información relativa aos ámbitos sinalados pola normativa atópase incluída e ampliada nas categorías de datos que estruturan o Portal de Transparencia:

1. Información institucional.
2. Recursos Humanos.
3. Normativa e información de relevancia xurídica.
4. Información económica.
5. Axudas e Subvencións.
6. Patrimonio.
7. Contratos.
8. Urbanismo, Obras Públicas e Medio ambiente.
9. Información e Atención á cidadanía.



10. Planificación, avaliación e calidade.



Deste xeito, a través do Portal de Transparencia (<http://transparencia.vigo.org>) o Concello de Vigo dá cumprimento ás obrigacións en materia de publicidade activa derivadas da entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, á vez que se configura como un portal para o exercicio do dereito de acceso á información pública, e como canle de información en relación co funcionamento ordinario do Concello e todos os aspectos relativos á xestión municipal, recollendo as obrigacións sectoriais procedentes doutras normativas, así como as derivadas da lexislación básica en materia de réxime local.

1.1 Actualización de contidos publicados

No marco do desenvolvemento do Plan de Seguimento e Avaliación da transparencia e o bo goberno municipal, ao longo do ano 2024 o Portal de Transparencia do Concello de Vigo foi actualizado dando continuidade ao obxectivo de impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública e a súa reutilización.

Solicitudes de acceso á información pública (SAIP)


A definición do dereito de acceso á información pública realizado pola Lei 19/2013 foi unha das materializacións máis significativas do principio de transparencia na administración pública e converteuse nunha ferramenta máis, complementaria ás obrigas de publicidade activa, para dar acceso á cidadanía á información na que se sustenta a actividade das institucións públicas.

Debido a que a regulación referente a este dereito é relativamente recente, o nivel xeral de coñecemento e o seu exercicio por parte da cidadanía tivo un aumento progresivo ao longo dos anos, como se reflicte nos datos estatísticos das solicitudes presentadas no Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 6 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Número de solicitudes



O tratamento das solicitudes de acceso á información pública é unha cuestión prioritaria para facer do novo concepto da administración como organización transparente unha realidade, e na administración municipal considérase tan importante o seu tratamento como a difusión da información que xeran.

Por este motivo a información sobre as solicitudes presentadas aparece actualizada de forma permanente no [Portal de Transparencia](#), e dispoñible en forma de informes trimestrais, co detalle do número de solicitudes presentadas, resoltas, sentido da resolución, etc., así como a publicación íntegra e anonimizada das correspondentes resolucións.

Cabe destacar que durante o ano 2024 non se interpuxo ningún recurso xurisdiccional contra a resolución das solicitudes de acceso á información pública tramitadas polo Concello de Vigo.

A tramitación das solicitudes de acceso á información pública está centralizada na Secretaría de Goberno local. Non obstante, das solicitudes de información que se reciben no Concello relativas a materia urbanística, dáse traslado mediante dilixencia de remisión á Xerencia Municipal de Urbanismo, Organismo Autónomo do Concello de Vigo que funciona como servizo descentralizado, en virtude da Resolución da Alcaldía de delegación de competencias na concelleira da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda de data 04.07.2023.

Resolucións da Comisión da Transparencia de Galicia

As resolucións das reclamacións interpostas en materia de acceso á información pública ante a Comisión da Transparencia de Galicia relativas ao Concello de Vigo aparecen publicadas no indicador 155 do Portal de Transparencia.

No ano 2024 presentáronse catro reclamacións ante a Comisión da Transparencia de Galicia: RSCTG 42/2024, RSCTG 43/2024, RSCTG 44/2024 e RSCTG 93/2024, con sentido estimatorio, interpostas polo reclamante na súa condición de concelleiro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 7 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

155. Resolucións das reclamacións interpostas en materia de acceso á información pública

	Resolución da Comisión de Transparencia de Galicia RSCTG 93/2024
	Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia RSCTG 44/2024
	Resolución da Comisión de Transparencia de Galicia RSCTG 43/2024
	Resolución da Comisión de Transparencia de Galicia RSCTG 42/2024

1.2 Resolucións xudiciais

Segundo se reflicte no informe de data 04/12/2025, sobre a transparencia na actividade xudicial, emitido polo responsable de información e transparencia da Asesoría Xurídica, dende a entrada en vigor da Lei 19/2013, a Asesoría Xurídica está a cumprir coas súas obrigas legais nesta materia. Concretamente dita información se publica na categoría 3 (Normativa e información de relevancia xurídica), e dentro desta, a do apartado 4 (44. Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación). Que se corresponde co indicador numerado como 33 dos aprobados na sesión da XGL do 12/7/2018.

TRANSPARENCIA



3.4 Resolucións xudiciais

44. Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación

	Sentenzas e resolucións xudiciais <i>Acceso ao texto das resolucións xudiciais nos que o Concello de Vigo é parte.</i>
---	---

1.3 Análise de resultados

Unha das funcionalidades da elaboración desta Memoria consiste na realización dunha análise exhaustiva do historial de accesos ao Portal de Transparencia.


A recollida de datos que se fai a través do [Observatorio de transparencia](#) é a nivel individualizado, obtendo a información dos accesos concretos a cada un dos indicadores de transparencia, o que permite facer unha lectura moi precisa das materias que atraen máis a atención da cidadanía.

Os resultados obtidos deste estudo son unha información fundamental para proxeccionar modificacións e ampliacións do contido publicado co obxectivo de conseguir unha confluencia entre este e os intereses e inquietudes da cidadanía.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 8 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACCESOS ANUAIS PORTAL DE TRANSPARENCIA



ACCESOS ANUAIS PORTAL DE TRANSPARENCIA

2020	111.333
2021	84.492
2022	77.379
2023	95.772
2024	220.487
Total	589.463

En termos absolutos, o número de accesos ao Portal de Transparencia municipal desde o ano 2020 é de 589.463.

VARIACIÓN INTERANUAL

Período 2020-2021	111.333	84.492	-24%
Período 2021-2022	84.492	77.379	-8%
Período 2022-2023	77.379	95.772	24%
Período 2023-2024	95.722	220.487	130%

Observando os datos anuais que se reflicten no gráfico e táboa anteriores móstrase como os accesos globais ao Portal de Transparencia tiveron un aumento exponencial no ano 2024, dende que no ano 2020 a tendencia de crecemento continuo dos anos anteriores se inverteira.

Analizando o ranking dos 10 indicadores máis consultados no ano 2024 en números absolutos, obsérvase un maior interese polos instrumentos de regulación municipal, cun incremento nas consultas dos indicadores relativos ás ordenanzas e regulamentos municipais, con 2.580 consultas, fronte ás 2.017 do ano anterior, o plan de ordenación municipal (PXOM), con 2.206 consultas, fronte ás 1.040 no ano 2023, e descenden as consultas sobre a formalización de contratos menores, con 1.881 consultas fronte ás 2.746 do ano anterior.



En termos xerais mantense o interese pola información relativa ao inventario municipal, a relación de postos de traballo e o resto de indicadores que aparecían no ranking do ano 2023, coa excepción do orzamento municipal, que desaparece do ranking en 2024.

RANKING 10 ELEMENTOS MÁIS CONSULTADOS EN 2024

42. Ordenanzas e Regulamentos municipais	2580
80. Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOM) e os mapas e planos que o detallan	2206
68. Contratos menores formalizados	1881
Axenda institucional do Alcalde/sa	1671
63. Inventario de Bens e Dereitos do Concello	1519
28. Relación de Postos de Traballo (RPT)	1504
Canles de denuncias para os cidadáns	1496
10. Retribucións dos cargos electos	1099
Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, cargos de confianza, persoal eventual, e o importe das súas retribucións	1072
Estatísticas do portal de transparencia	1040

ACCESOS TOTAIS A CADA UN DOS INDICADORES PUBLICADOS:

Accesos totais a cada un dos indicadores de transparencia do Portal de Transparencia durante o **ano 2024**:

Indicador de transparencia	Nº de accesos
1. Información institucional	
1. Organigrama	203
2. Funcións e competencias do Alcalde e os concelleiros	207
3. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten participación a Corporación	45
4. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten representación a Corporación	46
5. Normativa xeral aplicable ao Réxime local	53
6. Nomes e retribucións dos máximos responsables de entidades dependentes e participadas	51
7. Datos biográficos e adscripción política do Alcalde e restantes membros da Corporación	49
8. Enderezos electrónicos e outros datos de interese do Alcalde e restantes membros da Corporación	37



9. Réxime de dedicación dos cargos electos	65
10. Retribucións dos cargos electos	1099
11. Rexistro de intereses	38
12. Regulamento Orgánico Municipal	453
13. Pleno	16
14. Comisións informativas	27
15. Ordes do día dos Plenos da Corporación	42
16. Actas ou acordos íntegros dos Plenos da Corporación	107
17. Xunta de Goberno Local	33
18. Ordes do día das Xuntas de Goberno	43
19. Actas ou acordos íntegros das Xuntas de Goberno Local	49
20. Ordes do día das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo	203
21. Actas ou acordos íntegros das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo	26
22. Outros órganos colexiados da Corporación	559
23. Retribucións dos Grupos Municipais	737
24. Datos básicos de órganos descentralizados: Xerencia Municipal de Urbanismo	40
25. Información mandatos anteriores	36
2. Recursos humanos	
26. Relación de postos de persoal eventual da Corporación	28
27. Acordos e resolucións relativas ao persoal eventual municipal	83
28. Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, cargos de confianza, persoal eventual, e o importe das súas retribucións	1504
29. Relación de Postos de Traballo dos Entes dependentes	43
30. Persoal adscrito a Plans ou Programas temporais	37
31. Relación de órganos de representación de persoal	56
32. Acordos ou pactos reguladores das condicións de traballo e convenios colectivos vixentes	917
33. Compatibilidades que afecten aos empregados públicos	43
34. Oferta de Emprego Público	28
35. Convocatorias de procesos selectivos de provisión de postos de traballo	67
36. Criterios de xestión das listas de reserva	210
37. Masa salarial do persoal laboral laboral, nos termos previstos polo artigo 103 bis da LRBRL	46



38. Masa salarial do persoal funcionario, nos termos previstos polo artigo 7 do RD 861/1986	65
3. Normativa e información de relevancia xurídica	
39. Proxectos de Ordenanzas e Regulamentos locais	4
40. Achegas na fase de consulta pública, con indicación da súa incorporación posterior (no seu caso) ao Proxecto de Regulamentos	28
41. Achegas na fase de audiencia e información pública, con indicación da súa incorporación (no seu caso) aos Regulamentos ou Ordenanzas	65
42. Ordenanzas e Regulamentos municipais	2580
43. Directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas expostas que supoñan unha interpretación do Dereito ou produzan efectos	81
44. Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación	50
45. Inventario de actividades de tratamento	46
4. Información económica	
46. Orzamento Municipal	258
47. Alegacións formuladas aos Orzamentos	56
48. Informes de execución orzamentaria	38
49. Modificacións orzamentarias	44
50. Estudos sobre custes/rendementos dos servizos públicos prestados	45
51. Obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda	65
52. Informes de morosidade aprobados polo Pleno	73
53. Período medio de pagamento a provedores	49
54. Liquidación do último exercicio	63
55. Informes de Auditoría de Contas e de Fiscalización	79
56. Indicadores de eficiencia e/ou eficacia do gasto na prestación dos servizos	45
57. Informe sobre o subministro de información da Lei Orgánica de Estabilidade	74
58. Autonomía fiscal	29
59. Ingresos e gastos fiscais por habitante	50
60. Endebedamento por habitante	33
61. Contas Anuais e Conta Xeral	296
5. Axudas e subvencións	
62. Subvencións e axudas públicas	55
6. Patrimonio	



63. Inventario de Bens e Dereitos do Concello	1519
64. Relación de vehículos oficiais	11
7. Contratos	
65. Composición de las mesas de contratación	29
66. Actas das mesas de contratación	54
67. Relación de contratos públicos formalizados pola Corporación	77
68. Relación dos contratos menores realizados	61
69. Modificacións dos contratos públicos formalizados	33
70. Desistimento e renuncia de contratos públicos	20
71. Proxectos de obras públicas	34
72. Contratos de obras públicas en execución	21
73. Porcentaxe en volume orzamentario de contratos públicos adxudicados	49
74. Relación dos contratos adxudicados a través de centrais de contratación	13
75. Relación de convenios de colaboración subscritos pola Corporación	61
76. Encomendas de xestión	50
77. Relación de encargos a medios propios	17
78. Relación de obras executadas pola propia Administración	29
79. Transferencias de financiamento	56
8. Urbanismo, Obras públicas e Medio ambiente	
80. Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU)	61
81. Análise e diagnóstico territorial (PXOU)	26
82. Documentación xustificativa (PXOU)	17
83. Documentación con eficacia normativa (PXOU)	49
84. Modificacións puntuais do Plan Xeral de Ordenación Urbana	40
85. Plan de Ordenación Pormenorizada	54
86. Documentos informativos e xustificativos	48
87. Documentos con eficacia normativa	49
88. Plans de Reforma Interior	19
89. Plans Parciais	53
90. Estudos de Detalle	103
91. Plans Especiais	42



92. Catálogo de Proteccións	783
93. Identificación das directrices de desenvolvemento territorial	28
94. Espazos que compoñen a Infraestrutura Verde municipal e urbana	43
95. Relación de actuacións suxeitas ao réxime de comunicación previa	45
96. Relación de actuacións suxeitas a licencia urbanística	34
97. Indicadores de sustentabilidade territorial	55
98. Informes de seguimento dos efectos no medio ambiente e o territorio derivados da aplicación do Plan	37
99. Rexistro municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar	95
100. Relación de convenios urbanísticos subscritos	30
101. Noticias de urbanismo	62
102. Identificación dos bens, recursos e dereitos integrantes do Patrimonio municipal do Solo	32
103. Destino dos bens integrantes do Patrimonio municipal do Solo	35
104. Medio Ambiente	39
9. Información e atención cidadá	
105. Relación de procedementos que poden ser tramitados electronicamente polos cidadáns	52
106. Carpeta electrónica para consultar os expedientes tramitados electronicamente polos cidadáns	41
107. Documentos sometidos a información e/ou exposición pública	39
108. Vías de participación en funcións do Concello	43
109. Caixa de correos de queixas e/ou suxestións	57
110. Avisos para a mellora dos servizos municipais (sen identificación)	24
111. Mapa da web	44
112. Motor de procura interno	4
113. Condicións de accesibilidade	16
114. Dereito de acceso	33
115. Solicitud de acceso	47
116. Seguimento da tramitación da solicitude por parte do interesado	31
117. Validación de documentos electrónicos emitidos polo Concello de Vigo	38
118. Reclamacións ante a Comisión de Transparencia de Galicia	40
119. Suxestións e Reclamacións	19
120. Rexistro de Asociacións veciñais	25



121. Indicación dos inmobles cedidos ou arrendados a Asociacións veciñais	38
122. Indicación de axudas ou subvencións concedidas a Asociacións veciñais	70
123. Estatísticas persoas voluntarias	45
124. Estatísticas sobre o programa "Cumprimento das penas en beneficio da comunidade"	67
125. Redes sociais	28
10. Planificación, avaliación e calidade	
126. Plans e Programas	573
127. Indicadores de xestión	38
128. Indicadores financeiros e patrimoniais	38
129. Presión Fiscal	79
130. Aforro Neto	39
131. Indicadores de execución do orzamento de gastos e ingresos correntes e pechados	46
132. Superávit ou déficit por habitante	147
133. Gasto por habitante	36
134. Inversión por habitante	30
135. Esforzo inversor	35
136. Endebedamento financeiro por habitante	55
137. Endebedamento financeiro sobre ingresos correntes	54
138. Débeda orzamentaria por habitante	41
139. Cobertura gastos correntes	30
140. Autonomía	51
141. Indicador de infraestruturas	58
142. Fraccionamentos, expedientes, importe e xestión en vía de constrinximento	48
143. Indicador de ingresos urbanísticos	20
144. Carga financeira por habitante	48
145. Coeficiente de endebedamento	40
146. Dependencia financeira e de subvencións	33
147. Índice de cobertura	40
148. Índice de financiamento	41
149. Liquidez inmediata	50



150. Estatísticas do Portal de Transparencia	101
151. Política de Xestión de Documentos electrónicos	53
152. Regras e procedementos para a eliminación de documentos electrónicos	63
153. Política de Firma electrónica	47
154. Exercicio do dereito de acceso á información pública	423
155. Resolucións das reclamacións interpostas en materia de acceso á información pública	432
156. Cartas de servizo	19
157. Compromisos de calidade	35
158. Estatísticas de cumprimento e a calidade dos servizos públicos	45

2. PUBLICIDADE PASIVA

2.1 Solicitudes de acceso á información pública 2024

A información sobre as solicitudes de información atópase recollida e actualizada de forma permanente no Portal de Transparencia municipal:
<https://transparencia.vigo.org/?id=134&tipo=ele&ita=0&lang=ga>



10.4 Sistemas de transparencia municipal

154. Exercicio do dereito de acceso á información pública

SOLICITUDES DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA



Ver 2024				
GCR	29.11.24	Solicita coñecer todos os contratos públicos realizados ca empresa CIVIS GLOBAL S.L.	Secretaría Gob. local /Estimación	Fóra de Prazo 03.02.25
PMGC	12.11.24	Acceso expediente 2020/0038 e relacionados	Secretaría Gob. local /Inadmisión (D.A. 1ª da LTAIBG)	En Prazo 14.11.24
VLHM	30.10.24	Plan Estratéxico 2024-2028 da Rede de Museos Municipais	Secretaría Gob. local /Estimación (Información dispoñible no Portal de Transparencia)	En Prazo 04.11.24
CASIPOL	23.10.24	Información sobre o acordo colectivo relativo á determinación da xornada laboral do SPEIS e sobre a modificación do protocolo de acoso laboral	Secretaría Gob. local /Estimación	Fóra de Prazo 12.12.24
CASIPOL	23.10.24	Información e documentación sobre a constitución dos órganos de representación do Concello de Vigo	Secretaría Gob. local /Estimación parcial	Fóra de Prazo 19.02.25
IVC	08.10.24	Copia de exames tipo test e supostos prácticos oposición subalterno/a	Secretaría Gob. local /Desistimento	
FGA	07.10.24	Importe pagado á entidade FCC Aqualia S.A. e copia das facturas por servizos prestados na piscina municipal de Teis	Secretaría Gob. local /Traslado á Secretaría do Pleno	
FGA	07.10.24	Importe pagado en concepto de costas xudiciais por sentenzas desfavorables	Secretaría Gob. local /Traslado á Secretaría do Pleno	
CPA	02.10.24	Copia da RPT da Xerencia de Urbanismo	Secretaría Gob. local /Traslado á Xerencia Municipal de Urbanismo	
JUPOL	27.09.24	Información relativa ás retribucións percibidas polos/as funcionarios/as do corpo da Policía Local por distintos conceptos	Secretaría Gob. local /Estimación	Fóra de Prazo 29.10.24

2.2 Datos estadísticos


O interese polos asuntos públicos por parte da cidadanía é unha cuestión en continuo crecemento. Durante o ano 2024 apréciase un incremento no número de solicitudes presentadas respecto ao ano anterior, cun total de 63 solicitudes,




Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 17 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

fronte ás 49 recibidas en 2023, acadando niveis do ano 2022, no que houbo maior número de solicitudes desde a implantación da Lei de Transparencia.

Número de solicitudes




En canto á distribución por meses, xullo foi o mes no que se recibiron maior número de solicitudes (8), e novembro no que menos (2).




Os datos estatísticos relativos ás solicitudes de acceso á información pública son obxecto de publicación a través dun informe trimestral no Portal de Transparencia municipal ([ligazón](#)).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 18 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Durante o ano **2024** recibíronse 63 solicitudes de información, das cales 25 foron estimadas totalmente, 4 estimadas parcialmente, 14 desestimadas, 4 inadmitidas, 15 trasladadas e 1 desistida.



Asi mesmo recibíronse dúas solicitudes que foron arquivadas, unha por falta de competencia (Expte. 1879/1102) e outra por non ter accedido a solicitante á notificación electrónica en prazo, tras o requirimento realizado para que aclarase a súa petición (Expte. 1870/1102).

O servizos e áreas afectadas polas solicitudes de información pública reflíctense no seguinte cadro:

ÁREAS/SERVIZOS XESTORES DA INFORMACIÓN	Nº SOLICITUDES
ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	1
ALCALDÍA	1
COMERCIO	1
CONTRATACIÓN	1
CULTURA	1
DEPORTES	2
FESTAS	4
FOMENTO	1
MEDIO AMBIENTE	3
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	9
MUSEOS	1
PATRIMONIO HISTÓRICO	1
PLENO	12
RECURSOS HUMANOS	12
SECRETARÍA DE GOBERNO LOCAL	1
SEGURIDADE E MOBILIDADE	7
TRANSPORTES	3
URBANISMO	3
VÍAS E OBRAS	1

O prazo de resolución das solicitudes de acceso á información pública é dun mes, segundo establece o artigo 20 da Lei de Transparencia, ampliable por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita o requiran. Asi mesmo, nalgún caso suspendeuse o prazo de resolución no caso de que se deba conferir o trámite de alegacións a terceiros afectados pola información solicitada, tal como establece o artigo 19 da Lei de transparencia

Durante o ano 2024 continúanse producindo atrasos na resolución dos expedientes, debido principalmente á remisión extemporánea ou mesmo á falta de emisión dos informes solicitados pola Secretaría de Goberno local aos servizos xestores da información, situación que imposibilita moitas veces a resolución da solicitude en prazo, a pesares dos requirimentos periódicos dos informes. Neste sentido, no ano 2024 quedaron 12 solicitudes pendentes de resolver, por non terse recibido a información dos servizos e áreas responsables dos expedientes.




Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 20 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EMISIÓN INFORMES SERVIZOS XESTORES	Nº
En prazo	15
Fóra de prazo	13
Ampliación/Suspensión de prazo	3
Non emitiron informe	12
Remisión extemporánea do expediente	5

Así mesmo, durante o exercicio 2024, presentáronse na Secretaría de Goberno Local solicitudes de acceso a información cuxa resolución corresponde a outra área/servizo (15 solicitudes). Concretamente, 12 das solicitudes de información presentadas por concelleiros/as foron trasladadas á Secretaría de Pleno para súa tramitación conforme o disposto no artigo 9 do Regulamento Orgánico municipal, e 3 foron remitidas á Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello en virtude da resolución de delegación de competencias da Alcaldía na concelleira da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda de data 04.07.2023.

Durante o ano **2024** resolvéronse 14 solicitudes en prazo, 20 fóra de prazo e 15 solicitudes foron trasladadas para a súa tramitación polo servizo ou órgano competente.



3. BO GOBERNO E INTEGRIDADE

O Concello de Vigo conta cunha dilatada traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en materia de transparencia e integridade, materias estas que son obxecto de reforzo tras a aprobación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e, como pode verse, cos excelentes resultados obtidos nas sucesivas avaliacións realiza-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 21 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

das por “ *Transparencia Internacional España, non Índice de Transparencia de Concellos (ITA)*”.

3.1. O Plan de Integridade na Contratación Pública

O Plan de Integridade na Contratación Pública do Concello de Vigo constituíu un instrumento estratéxico para reforzar a transparencia, a eficiencia e a ética pública na xestión contractual municipal. A súa execución, desenvolvida entre 2019 e 2024, permitiu mellorar un modelo organizativo baseado na planificación, a estandarización e a mellora dos procesos co uso de ferramentas tecnolóxicas, cun grao de execución global estimado entre o 78% e o 86% (Executáronse 14 dos 19 obxectivos operativos, executáronse parcialmente 4, un deles tras a súa reformulación, cancelouse un).

Principais resultados:

- ✓ Racionalización de procesos: A aprobación de guías específicas de tramitación (contratos menores, prórrogas, modificacións, execución, etc.) reduciu tempos, homoxeneizou procedementos e reforzou a seguridade xurídica, favorecendo unha actuación coherente en todos os servizos municipais.
- ✓ Automatización e integración tecnolóxica: Implantouse unha metodoloxía avanzada de tramitación electrónica que xera informes automáticos e diarios sobre a contratación menor, con desagregación por servizo, adxudicatario e importe, publicados no portal de transparencia e no portal Open Data.
- ✓ Planificación e control: A redución dos contratos menores (de 2.509 en 2019 a 1.403 en 2024) e o incremento do control previo e fiscalización (de 330 a 500 informes de intervención) reflicten unha mellora estrutural na xestión e na disciplina orzamentaria.
- ✓ Cumprimento normativo e ética pública: Vigo anticipouse ás esixencias dos plans antifraudes do PRTR e á Lei 2/2023, creando unha canle de alertas en materia de contratación pública xa en xaneiro de 2022, xestionado polo Comité de Integridade Contractual, con trazabilidade e confidencialidade garantidas.
- ✓ Avaliación mediante indicadores: O cadro de mando e o test de autoavaliación antifraudes 2024 (91,01 puntos, risco baixo) evidencian a madurez do sistema de control e a efectividade do modelo de integridade implantado.

Factores de implantación

O Plan demostrou que a eficacia non depende necesariamente da dispoñibilidade de recursos extraordinarios, senón dun deseño tecnicamente sólido, organizativamente asumible e xuridicamente apoiado polo marco normativo vixente. A clave do éxito residiu na vontade de cumprimento institucional, a coordinación técnica e a aposta pola mellora continua.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 22 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.2. Creación da unidade de apoio ao Órgano Responsable do Sistema Interno de Información (ORSII)

O ORSII, creado por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13 de xuño de 2023, constitúe un órgano independente aínda que, funcionalmente depende da Secretaría de Goberno Local, posto que ten atribuída as facultades de coordinación en materia de transparencia. Considerando que a canle interna de información é unha das ferramentas propias dun sistema de integridade pública institucional, que debe ser considerado desde un punto de vista global, procurando un sistema coherente e completo. En data 15 de setembro de 2023 o ORSII, aprobou a memoria organizativa para a dotación en persoal de estrutura de apoio ao órgano responsable do sistema de información do Concello de Vigo e á xestión da transparencia e do acceso á información pública, e proposta de orzamento do programa. En base á devandita memoria, creouse na relación de postos de traballo do ano 2024 a unidade de apoio ao órgano responsable do Sistema Interno de Información integrada polos seguintes postos: un (1) Técnico/a de Administración Xeral e Administrativo/a de Administración Xeral.

Actualmente estes postos están vacantes, pendentes da súa provisión.

4. CONCLUSIÓNS

Da análise e exposición do desenvolvemento das políticas municipais en materia de Transparencia e Bo Goberno durante o ano 2024, pódense formular unha serie de conclusións, destacando, en particular:

- A continuidade no mantemento das obrigas de publicidade activa durante todo o exercicio 2024, tanto na Sede Electrónica como no Portal de Transparencia municipais, coa revisión e actualización periódica de todos os indicadores publicados.
- A impulsión e axilización desde a Secretaría de Goberno local na tramitación dos expedientes de solicitudes de acceso á información pública, incluíndo a publicación de informes estatísticos de carácter trimestral, e a actualización do indicador correspondente ás resolucións ditadas pola Comisión da Transparencia de Galicia relativas ao Concello de Vigo contribúe, xunto a acadar unha mellora eficacia e eficiencia en materia de transparencia. Non obstante, a remisión extemporánea ou a falta de emisión de informes por parte dalgún dos servizos xestores imposibilita a resolución en prazo das solicitudes de acceso á información pública.
- A creación na relación de postos de traballo do ano 2024 da unidade de apoio ao órgano responsable do Sistema Interno de Información que asumirá as funcións en materia transparencia implicará un reforzo da administración municipal nesta materia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 23 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-
- O número de accesos totais ao Portal de Transparencia durante o exercicio 2024, segundo o observatorio de datos, foi de 220.487, acadando o seu pico máximo no mes de setembro.
- O desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación Pública contribuíu ao reforzo da transparencia, a eficiencia e a ética pública na xestión contractual municipal.

/if

Vigo, na data de sinatura dixital.

A Secretaria de Goberno Local – Susana Gallardo Fariña.

Conforme, a Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal - Patricia Rodríguez Calviño.

(Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 09.07.2024)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/01/2026 10:14	Páxina 24 de 24
1986-1102	CSV: AFA4D5-8B3HB7-AF59AD-UMLB4G-Q864GJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		